

Variación e normativización no galego

Eva M.^a Domínguez Noya
USC/CRPIH
edomn@cirp.gal

María Caíña Hurtado
USC/CRPIH
mcaihur@cirp.gal

M.^a Sol López Martínez
USC/CRPIH
msol.lopez@usc.es

Resumo

A variación é unha característica de todas as linguas e a galega non é unha excepción, mais presenta aspectos específicos por mor da súa historia. Durante séculos estivo apartada dos estamentos oficiais, administración, ensino, medios de comunicación etc. Coa aprobación do Estatuto de Autonomía (1981) e o recoñecemento do galego como lingua oficial da comunidade créase un clima favorable para consensuar unhas normas que favorezan a normativización da lingua e sexan utilizadas polos diferentes estamentos. Así, en 1982, tras varios intentos malogrados, apróbanse as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, revisadas e modificadas posteriormente no 1995 e no 2003.

Un exemplo da variación formal que presentan as diferentes propostas de normativización atopámolo na representación gráfica do artigo cando o precede forma verbal rematada en *-r* ou *-s* e mais na expresión do encontro da preposición *a* co artigo determinado masculino. Son dous fenómenos explicitados nas distintas propostas de normativización que se poden rastrexar nos textos que inclúe o Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA), que cremos dan conta do nivel de aceptación da normativa oficial e do papel redutor da variación que o acatamento da norma comporta.

Palabras clave: galego, variación ortográfica, normativización, corpus

1. Introducción

As linguas, no canto de seren entidades homoxéneas, presentan variación. Esta é unha característica inherente a todas as linguas do mundo e, por suposto, tamén ao galego: “[o] modo de existir das linguas históricas [...] é o da variación, o da diversidade lingüística” (Álvarez e Xove 2002: 14). Pero esta diversidade de formas de expresión non é aleatoria, senón que depende dunha serie de parámetros ben definidos. Calquera lingua presenta variación xeográfica ou diatópica, social ou diastrática, situacional ou diafásica e temporal ou diacrónica.

A pesar de que a variación é unha característica natural das linguas, en ocasións os procesos de estandarización contribúen á creación da idea de que existe unha lingua inmutable e homoxénea. Porén, malia ser entendida como un proceso artificial, a normativización ten un papel fundamental na creación dunha *koiné* que permite salvar diferenzas entre as variedades dunha lingua e que ten a súa aplicación directa, por exemplo, no ámbito educativo. Ademais, ten un papel simbólico esencial (Moreno Cabrera, 2000), especialmente naqueles casos nos que as linguas son ameazadas por outras hexemónicas. Atopámonos, así, ante unha dicotomía que se reflicte tamén no galego: por un lado, o estándar contribúe á dotación dun maior prestixio a unha lingua que está nunha situación de minorización, mais, por outro lado, tamén pode propiciar a supresión de variantes dialectais que non son consideradas incorrectas. Na escrita, isto tradúcese nun proceso de homoxeneización que suprime variantes sociais ou xeográficas, mais tamén outras que teñen a súa orixe nalgún tipo de interferencia lingüística.

No caso do galego hai que engadir a todas estas cuestións a ausencia dunha normativa oficial ata 1982, malia existiren con anterioridade diversas tentativas, o que propiciou unha variación ortográfica que se pode rastrexar nos documentos do século XX e que chega ata a actualidade. Nesta contribución, tras unha breve panorámica do proceso de normativización, damos conta das propostas de representación gráfica de dous fenómenos sobre os que vertebraron algunhas das discusións lingüísticas para o establecemento da norma: a representación do artigo en combinación con forma verbal rematada en *-r* ou *-s* e a grafía do encontro da preposición *a* co artigo determinado masculino. Paralelamente, a través dos datos que nos ofrece o *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA), estudamos o influxo da norma nestes dous fenómenos e constatamos a súa influencia na lingua escrita actual.

2. O proceso de normativización

Como é sabido, o galego estivo durante séculos afastado dos estamentos oficiais: non era a lingua vehicular do ensino, non era a lingua oficial da administración e tampouco era a lingua habitual dos medios de comunicación. A súa oficialidade, tal como se presenta hoxe, non se fixo efectiva ata que no 1981 se aproba o Estatuto de Autonomía, pois a pesar de que xa se recoñecera o galego como lingua oficial no Estatuto de Autonomía de 1936, este non chegou a entrar en vigor.

Durante todo ese período de non oficialidade houbo algunhas tentativas para lograr un código normativo que servise de referencia aos falantes no plano da escrita. En 1933 o Seminario de Estudos Galegos (SEG) presentaba unha proposta ortográfica que tiña como obxectivo principal a diminución da “anarquía que hoxe hai no escribir o noso idioma” (SEG 1933: 3). Mais esta proposta non serviu para paliar a variación formal dos textos.

A preocupación pola falta de fixación dunha norma continúa en Carballo Calero (1966: 12) quen cre que “[s]e hace necesario un gallego normativo que permita al profesor orientar sus enseñanzas, y al escritor resolver sus problemas de comunicación con el público, con un mínimo de coherencia”. Así, consciente das limitacións que para o estudo e o uso da lingua galega supón a ausencia dunha normativa, Carballo Calero emprende a elaboración dunha gramática na que propón solucións sobre a representación escrita dos distintos fenómenos, escollendo, na maior parte dos casos, unha opción sobre as outras posibles. Esta obra foi, sen dúbida, unha axuda importante para os usuarios da nosa lingua neses anos e, de feito, Santamarina (1998: 38), sinala que “cando Piñeiro escribiu o seu discurso [1967] xa o galego escrito chegara a un grao de elaboración nada desprezable”.

Nos anos 70, malia seguirmos nun réxime ditatorial, apróbase unha lei de educación na que se incorpora a posibilidade do “cultivo” das linguas “nativas”¹. Este feito, xunto co “crecente desenrolo da literatura galega e o prestixio que a lingua está adquirindo en todos os sectores cultos da poboación, dentro e fora de Galicia, esixen urxentemente unha codificación da ortografía usual” (RAG 1971: 8). De aí que a Real Academia Galega (RAG) publique as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1971). Así mesmo, o Instituto da Lingua Galega (ILG) publica tamén en 1971 o método de aprendizaxe *Galego 1*. Con todo, tampouco estas propostas e directrices acadan o consenso dos intelectuais galegos:

Quando en 1971 el ILG publica el *Galego 1*, las normas que se siguen son prácticamente las mismas de la R.A.G., aunque con ciertas modificaciones, sobre todo en la selección de variantes morfológicas y

¹ En 1970 apróbase a “Ley 14/1970, de 4 de agosto, General de Educación y Financiamiento de la Reforma Educativa”. *BOE n.º 187, de 6 de agosto de 1970*. O desenvolvemento desta lei mediante o Decreto do 30 de maio de 1975 (*BOE n.º 156, de 1 de julio de 1975*) autoriza os centros a impartir de xeito experimental as linguas do Estado distintas do castelán.

léxicas, así como en la acomodación de cultismos, aspectos que en las normas de la R.A.G. aparecían superficialmente tratados o no se planteaban. Estas diferencias de matiz, realmente insignificantes [...], provocaron no obstante que en la sociedad gallega se contrapusieran ambas normativas. (González 1993: 145-146)

É por isto que, en 1977, froito dunha serie de seminarios, o ILG publica as *Bases para a unificación das normas lingüísticas do galego*, coas que se pretendía acadar un consenso definitivo que, unha vez máis, non foi factible. Pouco despois, “[c]os cambios políticos que se producen no 1980 a lingua galega incorpórase ao sistema educativo e, dada a pouca ‘auctoritas’ das normas anteriores [...], créase unha comisión co encargo de elaborar unhas normas” (Domínguez e López 2017: 425) que non chegan a entrar en vigor.

Coa aprobación do Estatuto de Autonomía en 1981 a lingua galega convértese en lingua oficial na comunidade, polo que cómpre dispor dun modelo de uso que poida ser utilizado nos diferentes espazos formais da sociedade galega como son a administración, o ensino, os medios de comunicación etc. Así, en xullo de 1982 apróbanse as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* nunha sesión conxunta da RAG e o ILG. Estas normas publícanse mediante decreto no DOG², en cuxo preámbulo se recoñece a variación que aínda presenta a lingua neses anos, e nelas propónse para algúns fenómenos máis dunha posibilidade de representación gráfica, aínda que “[a]s propias *Normas* foron redactadas escollendo, de entre as dobres alternativas, aquelas opcións que pareceron máis recomendables” (1982: 8). As terminacións *-ble/-bel* e *-ería/-aría* exemplifican, entre outros casos, esta dualidade. Para as primeiras non se aconsella o emprego de *-bel*, ausente xa do encabezamento do apartado, mentres que para as segundas indícase que a solución maioritaria na fala é *-ería*.

En 1995 a “conveniencia de realizar pequenas modificacións puntuais, de reforzar algúns dos argumentos e, sobre todo, de cubrir algunhas lagoas que presentaba a versión de 1982” (RAG e ILG 1995: 5) conduce á primeira revisión das *Normas*; mais os cambios nesta edición non son significativos. Finalmente, a “busca da concordia lingüística” (RAG e ILG 2003: 5) leva a unha nova modificación do texto normativo no ano 2003, no que seguen a manterse as solucións dobres nalgúns fenómenos, pero a orientación sobre a utilización dunha ou outra opción varía. Así, fronte á primeira versión das *Normas*, mantense, por exemplo, a dobre solución para a terminación *-bel/-ble*, só que agora non se recomenda ningunha delas. Pola contra, no caso de *-aría/-ería* recoméndase o emprego de *-aría*.

3. A variación formal en dous casos concretos

Un bo exemplo da variación formal que presentan as propostas de normativización do apartado anterior, reflectida así mesmo nos textos, atopámolo na representación gráfica do artigo cando o precede forma verbal rematada en *-r* ou *-s* e na expresión do encontro da preposición *a* co artigo determinado masculino. Como todos sabemos, o uso da segunda forma do artigo (*come-lo caldo*) concorre tamén co uso da primeira forma (*comer o caldo*). Pola súa banda, respecto do encontro da preposición *a* e mais o artigo determinado masculino existen dúas alternativas de expresión para o resultado da contracción: *ao(s)* e *ó(s)*. Trátase de dous fenómenos explicitados nas distintas propostas de normativización que se poden rastrexar nos textos que inclúe o Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA), que cremos dan conta, por unha banda, do nivel de aceptación da normativa oficial e, pola outra, do papel redutor da variación que o acatamento da norma comporta. Así pois, a continuación describiremos para cada un dos fenómenos as propostas de representación e analizaremos o

² Decreto 173/1982, do 17 de novembro de 1982, sobre a normativización da Lingua Galega (DOG do 20 de abril de 1983).

seu emprego na lingua escrita diferenciando tres períodos: a) prenormativo (1975-1982), b) primeira normativa (1983-2003)³ e c) modificación da normativa (2004-2015), de acordo cos cambios que se produciron nas normas.

O CORGA é un corpus documental representativo do uso do galego actual que nos achega datos de lingua real dende 1975 ata a actualidade. Está etiquetado automaticamente e nel é posible diferenciar as catro grafías relativas aos dous fenómenos grazas ao emprego combinado dos parámetros *elemento gramatical*, *etiqueta*, *lema* e *unidade* que nos ofrece a aplicación de consulta. Os seus datos permitirannos coñecer o nivel de respecto á norma na lingua escrita.

3.1. As formas do artigo precedidas de forma verbal rematada en -r ou -s⁴

A falta de unanimidade da norma é a que se observa nos documentos que amosa o corpus. De maneira xeral, podemos indicar que, de acordo cos datos globais que nos achega o CORGA, o emprego da segunda forma do artigo nunca foi maioritario. Dun total de 234.678 coincidencias, o uso do alomorfo do artigo non chega sequer ao 30%. A frecuencia normalizada, como podemos ver na táboa 1, corrobora tamén estes datos.

Período	Coincidencias		Frecuencia normalizada		Elementos gramaticais
	1ª forma	2ª forma	1ª forma	2ª forma	
1975-2015	172.077	62.601	3900/millón	1419/millón	44.125.355

Táboa 1. Datos globais das ocorrencias de forma verbal seguida de artigo no CORGA.

As propostas previas ao 82 non sempre concordaron na elección dunha das alternativas, por motivos de diversa índole. Con anterioridade aos anos 70 Carballo Calero (1966) sinala que a asimilación que se produce co -s e -r finais de palabra en contacto co artigo, característica da oralidade, non debe reflectirse na escrita.

Xa a principios dos 70 a RAG (1971) resolve non utilizar na lingua escrita a 2ª forma, con independencia de que poida ser potestativa a asimilación na pronuncia. En cambio, o ILG en *Galego I* (1971) determina que, en xeral, aceptan as normas da Academia, mais discrepan nas que se refiren á segunda forma do artigo e ao resultado das contraccións coas preposicións *a* e *para*. As diferenzas entre a RAG e o ILG responden á visión contraposta que sobre a representación das grafías subxace en cadansúa proposta sobre a conxugación da oralidade e a ortografía:

Á hora de decidir entre a grafía separada de *Coller o autobús* ou a amalgamada *Colle-lo autobús* débese tomar en conta que, se optamos por representar a denominada segunda forma do artigo, o lector ou a lectora tenderán -nun contexto sociolingüístico coma o galego, fortemente influenciado polas pautas do castelán- a pronunciar, nunha lectura en voz alta, todo o que aparece escrito, de tal xeito que articularán a segunda forma [...] aínda que esta non pertenza ao seu galego nativo. De maneira inversa, e por idéntico motivo, de non a representar na escrita, o máis probable é que tampouco a oralicen, aínda que esta maneira de pronunciar constituía un trazo espontáneo do seu galego oral. (Alonso 2006: 198)

Anos máis tarde, o ILG (1977) mantén a proposta de reflectir na escrita a 2ª forma do artigo con formas verbais rematadas en -r ou -s. No texto aclárase que esta decisión non responde ao desexo de facer da escrita unha especie de transcripción fonética, senón que se basea en que “[a] tradición galegoportuguesa [...] é a da asimilación” (1977: 32). Así pois, nos textos do

³ Non citaremos a revisión realizada en 1995, dado que non repercute sobre ningún dos fenómenos que estudamos.

⁴ Naturalmente, as formas que se contabilizan son aquelas que rematan en -r ou -s, agás as de participio.

ILG de 1971 e 1977 (*Galego 1 e Bases* respectivamente) sostense que a representación do artigo tras forma verbal rematada en *-r* ou *-s* ha reproducir a asimilación.

Os datos que nos achega o CORGA para o período prenormativo nos contextos sinalados indican que os que fan uso do galego optan maioritariamente por non representar a grafía da 2ª forma do artigo. Dun total de 9060 coincidencias esta só se emprega en 1169, o que representa o 12,9% das ocorrencias. Na táboa 2 vemos que segundo a frecuencia normalizada a que denominamos 1ª forma chega a ser 6,7 veces máis frecuente que a 2ª.

Período	Coincidencias		Frecuencia normalizada		Elementos gramaticais
	1ª forma	2ª forma	1ª forma	2ª forma	
1975-1982	7891	1169	3976/millón	589/millón	1.984.623

Táboa 2. Datos das ocorrencias de forma verbal seguida de artigo no CORGA dende 1975 ata 1982.

Cos cambios no status da lingua galega de principios dos anos 80, cumpría dispor dunha normativa oficial que facilitase a representación ortográfica da lingua escrita. Apróbanse, pois, en 1982 as primeiras *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, redactadas conxuntamente pola RAG e o ILG. Nestas normas, aínda que as dúas posibilidades de representación son aceptadas como normativas, aconséllase a representación da 2ª forma no contexto que estamos a analizar. Xustifícase esta elección pola tradición dos escritos galego-portugueses e a grande extensión deste trazo na oralidade:

Os textos medievais galegos e portugueses mostran unha clara preferencia pola representación das dúas formas do artigo na distribución indicada, marcadas en portugués ata o século XVIII. O galego do rexurdimento vacila entre a representación e a non representación, vacilación que continúa ata hoxe. Aconséllase marcar na escritura estas segundas formas porque se trata dun rasgo morfolóxico, como xa quedou demostrado, que ademais é xeral a todo o noso territorio [...]. (RAG e ILG 1982: 54)

Os datos que facilita o CORGA confirman o avance na normativización consonte as recomendacións da norma. Así, dun total de 131.515 exemplos, 60.270 utilizan a 2ª forma do artigo, o que supón case o 50% das concorrencias que achamos no corpus. É dicir, case unha de cada dúas coincidencias presenta a 2ª forma. En comparación co período anterior, o avance na normativización, ou mellor o respecto á norma, é moi significativo. Malia aceptar as dúas posibilidades gráficas, a prescrición da norma favorece, sen dúbida, a presenza da variante alomórfica do artigo. Isto obsérvase tamén nos datos estatísticos recollidos na táboa 3, onde a distancia entre o uso das dúas variantes se reduce visiblemente en relación co período anterior.

Período	Coincidencias		Frecuencia normalizada		Elementos gramaticais
	1ª forma	2ª forma	1ª forma	2ª forma	
1983-2003	71.245	60.270	2818/millón	2384/millón	25.284.888

Táboa 3. Datos das ocorrencias de forma verbal seguida de artigo no CORGA dende 1983 ata 2003.

Procurando un maior consenso, en 2003 lévase a cabo unha modificación das normas, entre cuxos cambios se establece un relevante para o caso que nos ocupa: en contraste coa recomendación explícita do 1982 e 1995, o texto de 2003 non prioriza unha variante sobre a outra, senón que só constata: “pódense representar na escrita as variantes *lo, la, los las* [...]” (2003: 84). Mais non só iso, senón que se prescinde da inclusión dos alomorfos da segunda forma na táboa xeral de formas do artigo. Deste xeito, nos contextos que tratamos, o emprego do alomorfo pasa de aconsellado a facultativo e, a maiores, as segundas formas quedan relegadas a un segundo plano no texto.

Este cambio de orientación na norma ten un reflexo nos datos que nos achega o corpus, xa que neste período o número de casos con *lo, la, los, las* é de 1162 fronte aos 92.941 nos que se utiliza *o, a, os, as*, co que verificamos que as persoas que escriben en galego acomodanse aos cambios normativos para así cumprir coas disposicións lingüísticas establecidas. As frecuencias normalizadas reflicten con claridade o respecto dos usuarios da lingua galega ás recomendacións das normas. Non debemos esquecer que se segue a aceptar como normativa tamén a 2ª forma do artigo, pero as modificacións na redacción son as que favorecen neste caso o emprego das formas *o, a, os, as*, dado que a ausencia de recomendación e o non uso das segundas formas no texto normativo interprétase como priorización a favor da primeira forma. Os datos que nos achega a táboa 4 amosan de novo esta acomodación da lingua escrita ás recomendacións da normativa.

Período	Coincidencias		Frecuencia normalizada		Elementos gramaticais
	1ª forma	2ª forma	1ª forma	2ª forma	
2004-2015	92.941	1162	5514/millón	69/millón	16.885.844

Táboa 4. Datos das ocorrencias de forma verbal seguida de artigo no CORGA dende 2004 ata 2015.

3.2. A contracción da preposición a co artigo determinado masculino

Coma no caso das formas do artigo determinado, a representación da contracción da preposición *a* co artigo masculino tamén presenta variacións gráficas tanto antes da normativa oficial coma despois, coa existencia das variantes gráficas *ao* e *ó*, aceptadas ambas as dúas como acordos coa normativa oficial. Porén, tamén neste caso, malia seren as dúas variantes normativas, o status de cada unha delas difire nos períodos que analizamos.

O emprego da contracción da preposición e artigo masculino na súa forma *ó* é maioritario, como amosan os datos globais do CORGA recollidos na táboa 5:

Período	Coincidencias		Frecuencia normalizada		Elementos gramaticais
	<i>ó ~ ós</i>	<i>ao ~ aos</i>	<i>ó ~ ós</i>	<i>ao ~ aos</i>	
1975-2015	139.579	112.664	3163/millón	2553/millón	44.125.355

Táboa 5. Datos globais das ocorrencias da contracción da preposición *a* e o artigo masculino no CORGA.

No que concirne ao período prenortativo, Carballo Calero (1966) postula conservar a distinción gráfica *ao(s)* fronte ao artigo *o(s)*, igual ca en portugués. A principios dos 70, a RAG (1971: 16) tamén propón non representar graficamente a contracción da preposición *a* co artigo determinado masculino, pois “[c]omo regra xeral, as palabras escribiránse na súa integridade, deixando á pronuncia, segundo o uso o pida, a ouservancia das elisións ou troques de sonidos por asimilación que sexan oportunos”. Pola contra, o ILG, tanto no método *Galego I* (1971) como nas *Bases* (1977), resolve representar graficamente a contracción, xa que, como advirten neste último texto, o uso da grafía *ao* “levaría, e de certo leva, a pronunciar *ao*, o que non está de acordo ca fala” (1977: 51).⁵ Coma no caso dos alomorfos do

⁵ A lingua real actual corrobora este temor, xa que é relativamente frecuente a pronuncia [ao], como nos amosa a transcrición do seguinte anuncio publicitario que se incluírá na próxima versión en liña do CORGA, cuxo audio reproduce nas dúas conxorrencias destacadas en grosa a dicción *ao*:

Locutor_1: Premios Martín Códax da Música // de novo batimos récords // este ano / catrocentos cincuenta proxectos musicais inscritos // agora / os asociados de Músicos **ao** Vivo / son os encargados de realizar a primeira votación / que ten de prazo ata o próximo oito de abril // Músicos **ao** Vivo promove / Premios Martín Códax da Música / coa colaboración de Cadena SER Galicia // [CORGA: *Publicidade Hoy por Hoy*. 02/04/2018]

artigo, ata as primeiras normas oficiais constátase unha menor unanimidade á hora de seguir as recomendacións para o uso dunha das variantes.

A falta de acordo na proposta ortográfica aparece reflectida nos datos do corpus referentes a este período, como se pode observar na táboa 6, dado que dun total de 11.854 coincidencias emprégase *ó* en 4400 casos e *ao* en 7454, o que representa, respectivamente, o 37% e o 63% dos casos.

Período	Coincidencias		Frecuencia normalizada		Elementos gramaticais
	<i>ó ~ ós</i>	<i>ao ~ aos</i>	<i>ó ~ ós</i>	<i>ao ~ aos</i>	
1975-1982	4400	7454	2217/millón	3756/millón	1.984.623

Táboa 6. Datos da contracción da preposición *a* e o artigo masculino no CORGA dende 1975 ata 1982.

Pola súa banda, nas normas oficiais de 1982, aínda que as dúas opcións son aceptadas como normativas, sinálase que

[e]ntre as dúas posibilidades, *ao* e *ó*, aconséllase como preferencial *ó* polas seguintes razóns: a única pronunciación rexistrable en toda Galicia é [ɔ] e a súa representación non pode ser máis ca *ó*, para ser coherente coas outras contraccións, incluída a do feminino correspondente (*á, ás*). Tanto esta pronuncia coma esta grafía están abonadas xa por textos medievais, en que aparecen documentadas como *oo* e *o*. En portugués esta contracción, resolta popularmente en [ɔ], ten como pronunciación patrón [αw], que debe estar representada forzosamente por *ao*. (RAG e ILG 1982: 56).

Igual que coa segunda forma do artigo, os consellos da norma teñen o seu reflexo na lingua real. E así o uso de *ó* é maioritario neste período: dun total de 145.774 coincidencias só en 34.756 se emprega *ao*. Como se amosa na táboa 7, o uso de *ó* é algo máis de tres veces superior ao de *ao*, o que indica unha moi importante aceptación da norma.

Período	Coincidencias		Frecuencia normalizada		Elementos gramaticais
	<i>ó ~ ós</i>	<i>ao ~ aos</i>	<i>ó ~ ós</i>	<i>ao ~ aos</i>	
1983-2003	111.018	34.756	4391/millón	1375/millón	25.284.888

Táboa 7. Datos da contracción da preposición *a* e o artigo masculino no CORGA dende 1983 ata 2003.

Por último, a reforma do 2003 segue aceptando as dúas variantes como normativas, pero hai un cambio substancial na redacción da norma que, sen dúbida, inflúe na escolla dunha ou doutra variante. No 2003 o texto normativo indica que “[o] encontro da preposición *a* co artigo masculino *o(s)* resólvese graficamente como *ao(s)* ou *ó(s)*” (2003: 86). As normas, polo tanto, non “aconsellan” xa o emprego dunha variante fronte á outra, porén na redacción do texto a que se rexistra é *ao*. Non obstante, e isto é importante salientalo, a pesar de que non se defende na escrita o uso da forma *ó*, no texto remárcase que a única pronuncia correcta é [ɔ] (RAG e ILG 2003: 86). Unha vez máis, os datos do corpus corroboran a modificación, xa que, fronte á presenza maioritaria do período anterior, como vemos na táboa 8, constátase unha diminución importante no emprego da grafía *ó*, pois dun total de 94.615 coincidencias só o atopamos en 24.161 casos, o que representa o 25,5% das concorrencias.

Período	Coincidencias		Frecuencia normalizada		Elementos gramaticais
	<i>ó ~ ós</i>	<i>ao ~ aos</i>	<i>ó ~ ós</i>	<i>ao ~ aos</i>	
2004-2015	24.161	70.454	1433/millón	4180/millón	16.885.844

Táboa 8. Datos da contracción da preposición *a* co artigo masculino no CORGA dende 2004 ata 2015.

3.3. A evolución por lustros no CORGA

A xeito de conclusións e en consonancia cos datos anteriores, a análise por lustros amosa

unha forte tendencia ao cambio cando a norma o propicia. Como se pode observar no gráfico 1, cando a norma recomenda unha variante, a lingua escrita usa de xeito maioritario esa forma. Unha vez que se produce o cambio, a lingua real reflícteo; isto é evidente no descenso drástico do uso de *lo* e en menor medida de *ó* nos lustros 2005-2009 e 2010-2014. O proceso de consolidación parece claro: no lustro 2015-2019, período no que se está a traballar e que polo momento só consta de algo máis de 85.000 palabras, a presenza das formas *lo* (1 ocorrencia fronte a 724 de *o*) e *ó* (1 caso fronte a 527 de *ao*) é anecdótica e nin sequera se percibe na gráfica.




Gráfico 1. Uso das grafías tratadas segundo o lustro definido no CORGA. Fonte: elaboración propia.

Referencias bibliográficas

- Alonso Pintos, S. (2006). *O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Álvarez Blanco, R. e X. Xove (2002): *Gramática da Lingua Galega*. Vigo: Galaxia.
- Carballo Calero, R. (1966): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
- Domínguez Noya, E. M.^a e M.^a S. López Martínez (2017): “Tratamento da variación lingüística no CORGA”. En M. Negro Romero, R. Álvarez e E. Moscoso Mato (eds.) *Gallæcia. Estudos de lingüística portuguesa e galega*, 421-440.
- González González, M. (1993). “El proceso de normativización de la lengua gallega”. *Revista de lengua y literatura catalana, gallega y vasca* 3. 143-149.
- Instituto da Lingua Galega (1971): *Galego I*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.
- Instituto da Lingua Galega (1977): *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego*. Madrid: Universidade Santiago / Anaya. (ed. non venal).
- Moreno Cabrera, J. C. (2000): *La dignidad e igualdad de las lenguas. Crítica de la discriminación lingüística*. Madrid: Alianza Editorial.
- Real Academia Galega (1971): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega (1982). *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña/Santiago de Compostela: Real Academia Galega/Instituto da Lingua Galega; 13^a ed. revisada, 1995; 18^a ed. revisada, 2003.
- Santamarina, A. (1998): *A linguaxe e as linguas. Ramón Piñeiro revisado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia galega*. (Discurso lido o día 24 de outubro de 1998). A Coruña: Real Academia Galega.
- Seminario de Estudos Galegos (1933). *Algunhas normas pra a unificación do idioma galego*. Santiago de Compostela: Nós.